



Concha Blanco vén de publicar a súa última novela, "Nano"

D.B.

## CONCHA BLANCO AUTORA DA OBRA "NANO"

# Unha novela contra a intolerancia

REPORTAXE DE **M. SAMBADE**

■ A escritora ceense Concha Blanca acaba de publicar a obra "Nano", un alegato a favor da superación de tódalas discrimina-

cións presentes na sociedade actual e constatadas ao longo da súa actividade docente no IES. "Agra de Raíces" de Cee.

Con "Nano", obra publicada

pola editorial Everest, a extensa produción da escritora ceense xa acaba as trinta obras de todo tipo e temática.

Neste caso, a autora afronta unha das porta escuras da convivencia human coma son as "loitas internas dunha persoa por acadalo respecto á súa propia identidade coma única e diferenciada", sinala Concha Blanco. É unha obra froito dunha fonda ollada introspectiva xurdida da empírica experiencia nada nas aulas no cotiá traballo cos alumnos.

"Non é unha historia real, pero ten moitos trazos de diferentes persoas que eu coñezo", explica Concha. Considera que é unha obra de fácil lectura e comprensión que ten coma destinatarios o público xuvenil e adulto. "Non é só unha intriga a que se esconde na obra, son moitas que se van entrelazando unhas con outras ate resolve-lo enigma ao final", sinala. Por ser unha obra que incita á reflexión ten un final cuasi aberto "para que os lectores poidan redondea-lo remate da obra segundo desexen", sinala Blanco.

**Unha obra doce e branca** > ara a escritora ceense, eses serían o adxectivo e a cor que escollería para defini-lo seu último traballo. Ambientado na cidade da Coruña, a rúa Barcelona é unha das súas referencias "polo escuro e sinistro do lugar, que sempre me da arrepiós ao pasar por el", aclara cun sorriso nos beizos Concha.

No tocante ás ilustracións, son obra do debuxante Manel Cráneo, que tamén é autor da portada. Son escasos os debuxos porque así é, segundo a creadora, a personalidade do protagonista: huidiza, esquiva. "O personaxe non exterioriza os seus sentimentos e, por iso, sempre aparece debuxado de costas ate o final, que se ve de fronte".